



Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES)

Concello de Meis

Proxecto subvencionado ao abeiro das axudas destinadas a entidades locais asinantes do
Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sostible

Frear o Cambio Climático

Operación cofinanciada pola Unión Europea, a través do FONDO
EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)

PROGRAMA OPERATIVO

FEDER GALICIA

2014-2020


Unha maneira de facer Europa



**XUNTA
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



**CONCELLO
DE MEIS**

Axia

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	1
1.1. Contextualización.....	1
1.2. Obxectivos e alcance do documento	4
1.3. Compromisos	5
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL.....	6
2.1. Caracterización do Concello.....	6
2.2. Actuacións previas postas en marcha	7
3. INVENTARIO DE EMISIÓN DE REFERENCIA (IER).....	10
3.1. Metodoloxía	10
3.2. Indicadores xerais.....	10
3.3. Sectores considerados.....	12
3.4. Consumos enerxéticos	13
3.5. Emisións de CO ₂ equivalentes	15
4. DIAGNOSE ENERXÉTICA.....	17
4.1. Metodoloxía	17
4.2. Principais resultados do IER	17
4.2.1. Consumos de Enerxía	17
4.2.2. Emisións atmosféricas.....	17
4.3. Análise Externo e Interno.....	18
4.4. Escenarios previstos para os sectores PACES.....	19
5. PLAN DE ACCIÓN DE MITIGACIÓN.....	21
5.1. Consideracións previas.....	21
5.2. Obxectivos.....	21
5.3. Medidas e accións a implantar.....	22
5.3.1. Relación de Medidas / Accións.....	22
5.3.2. Fichas das Medidas / Accións.....	23
5.4. Resumo de medidas a desenvolver no PACES	24
5.5. Avaliación e seguimento do PACES.....	25
6. PLAN DE ADAPTACIÓN AO CAMBIO CIMÁTICO.....	26
6.1. Consideracións previas.....	26
6.2. Presentación do Plan de Adaptación ao Cambio Climático	26
ANEXO I: FICHAS DE ACTUACIÓN NO PLAN DE MITIGACIÓN.....	27

ÍNDICE DE FIGURAS Y TÁBOAS

Figura 1.- Localización do Concello de Meis.....	6
Figura 2.- Distribución dos consumos enerxéticos por sectores.	14
Figura 3.- Distribución dos consumos enerxéticos por fontes.....	14
Figura 4.- Distribución das emisións de CO ₂ equivalentes por sectores.	15
Figura 5.- Distribución das emisións de CO ₂ equivalentes por fontes.	16
Táboa 1.- Indicadores xerais de Meis. Comparativa do ano de Referencia (2014) e a actualidade.	11
Táboa 2.- Consumos enerxéticos anuais (MWh) do Concello de Meis por sectores (ano 2014).	13
Táboa 3.- Emisións de CO ₂ equivalentes (Toneladas) do Concello de Meis por sectores (ano 2014).	15
Táboa 4.- Análise DAFO do Concello de Meis.	18
Táboa 5.- Accións de mellora por cada un los sectores	22
Táboa 6.- Formato de ficha descritiva de cada unha de las medidas del PACES.	23

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Contextualización

O cambio climático desafíanos como sociedade, como modelo económico, como civilización e precisa unha resposta urxente, cuxo principal obxectivo sexa frear o quecemento global, pero ao tempo esixe unhas respostas ante os impactos, xa evidentes, dun clima cada vez mais cálido, extremo e incerto.

No Pacto Europeo dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía agrúpanse miles de gobernos locais que de forma voluntaria comprométese a implantalos obxectivos en materia de clima e enerxía da UE.

Neste sentido, o papel dos municipios é fundamental ao conferirlles a través da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local plenas competencias para realizar actividades complementarias ás propias doutras administracións no relativo ao interese xeral do mesmo, incluíndo a protección ao medio ambiente.

Conseguir este propósito resulta viable gracias ás ferramentas que os municipios posúen para o desenvolvemento de medidas específicas de mellora da eficiencia enerxética e promoción das enerxías renovables en distintos sectores de actuación tales como edificación, servizos públicos e transporte.

É por iso que no ano 2008 lanzouse por parte da Comisión Europea a iniciativa “el Pacto de los Alcaldes”, liderada polo Comisario Europeo da Enerxía, co propósito de conseguila participación e dar apoio aos gobernos locais que voluntariamente se comprometesen a acadar e superalos obxectivos da UE en materia de clima e enerxía.

A iniciativa non só introduciu un enfoque innovador nas accións relacionadas co clima e a enerxía, se non que seu éxito superou enseguida tódalas expectativas, e continuou atraendo a novas autoridades locais e rexionais, en Europa e fora dela. O Pacto dos Alcaldes xa reunía 2000 cidades en outubro de 2010, o cal impulsou á Comisión Europea a poñer en marcha unha iniciativa similar nos países asociados en Europa oriental.

En 2012, a Comisión Europea, no marco da política europea de veciñanza, ampliou o Pacto dos Alcaldes á Rexión Meridional do Mediterráneo e lanzou o proxecto CES-MED. «Cleaner Energy-Saving Mediterranean Cities» (CES-MED) axuda ás cidades na súa incorporación ao Pacto dos Alcaldes e lles soporta no seu compromiso para cumprir ambiciosas políticas de desenvolvemento sostible.

No ano 2014, a Comisión Europea lanzou a iniciativa Alcaldes pola Adaptación. Esta iniciativa irmá baséase nos mesmos principios que o Pacto dos Alcaldes e céntrase na adaptación ao cambio climático. Alcaldes pola Adaptación invitaba aos gobernos locais a demostralo seu liderado na adaptación e os apoiaba no desenvolvemento e a implantación de estratexias de adaptación locais.

As iniciativas Pacto dos Alcaldes e Alcaldes pola Adaptación fusionáronse oficialmente con ocasión dunha cerimonia celebrada o 15 de outubro de 2015 no Parlamento Europeo.

A nova iniciativa, o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (cuxos obxectivos e dirección foron definidos xunto coas cidades por medio dun proceso consultivo) é mais ambiciosa e de maior alcance: as cidades asinantes comprométese a apoiar activamente a implantación do obxectivo de redución dos GEI nun 40 % para 2030 da UE e acordan adoptar un enfoque integrado á mitigación do cambio climático e a adaptación a este, ademais de garantir o acceso a unha enerxía segura, sostible y alcanzable para todos.

En xuño de 2016, o Pacto dos Alcaldes comezou unha importante fase nova da súa historia ao optar por unir súas forzas con outra iniciativa a nivel local: a Coalición de Alcaldes.

O resultado, o Pacto Mundial dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía é o maior movemento de gobernos locais comprometidos a superalos propios obxectivos nacionais en materia de clima e enerxía. Totalmente en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU e cos principios de xustiza climática, o Pacto Mundial dos Alcaldes ocupárase de tres problemas principais: a mitigación do cambio climático, a adaptación aos efectos adversos do cambio climático e o acceso universal a unha enerxía segura, limpa e alcanzable.

Os efectos do cambio climático volvéronse tan visibles que para poder evitalos sería preciso reducir de xeito substancial e nas próximas décadas, as emisións globais de CO₂. A nivel social, os cambios de conduta e estilos de vida necesarios para a adaptación ao cambio climático son en todo momento complementarios cos necesarios para esta redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

É por iso que a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) recolle, no Open Data Climático, as evidencias mais relevantes dos impactos do cambio climático en España nos últimos 40 anos, confirmando un escenario de cambio climático con efectos moi visibles.

A Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático e o seu Acordo de París, tratan de facer fronte aos riscos que expón o cambio climático, con obxectivos como aumentala capacidade de adaptación aos efectos adversos do cambio climático e promovela

resiliencia ao clima e un desenvolvemento con baixas emisións de gases de efecto invernadoiro.

Ante todos estes efectos, na Conferencia de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático celebrada en Madrid en decembro de 2019, o goberno de España firmou unha declaración cos compromisos adquiridos en base ás Prioridades identificadas por nenos, nenas e mozos de todo o mundo, ante as crisis sistémicas como son a do Cambio Climático e a da Biodiversidade.

A nivel autonómico, a comunidade autónoma de Galicia creou no ano 2005 a *Estratexia Galega fronte ao Cambio Climático*, coa finalidade de establecer unha estratexia de loita contra o cambio climático dentro da comunidade autónoma e axudar a España a cumprilos seus compromisos internacionais. Entre os seus principais obxectivos, figuraban un mellor coñecemento do clima de Galicia e a avaliación do impacto do cambio climático no seu territorio; control das emisións dos GEI, a través da definición de medidas nas respectivas políticas sectoriais; promoción de políticas de apoio a sumidoiros de carbono como parte esencial na solución do problema e estudo dos principais impactos e medidas de minimización.

Dende entón, son mais de 10.000 os municipios europeos adheridos a esta iniciativa, sendo mais de 322 millóns os habitantes que se están beneficiando das accións de mellora realizadas nos seus municipios como resultado deste compromiso.

Ante esta situación, e para traducir o seu compromiso político en medidas e proxectos prácticos, o Concello de Meis decidiu de forma voluntaria a adhesión a esta iniciativa mediante a aprobación do correspondente documento no pleno municipal do 15 de xuño de 2020. Ademais, comprométense a presentar, nos dous anos seguintes á data da decisión adoptada polo seu consello local, un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) no que se esbochen as accións clave que se pretende acometer.

Este documento de traballo ven a complementar outros dous documentos básicos de planificación municipal, dando lugar a unha visión conxunta de tódalas actuacións a levar a cabo:

- O PXOU (Plan Xeral de Ordenación Urbana), como instrumento técnico básico de planificación urbanística, e polo tanto de estratexia de actuacións que dan lugar a un modelo de organización e crecemento dos espazos urbanos.
- O PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible), como documento estratéxico que persigue fomentar e estender o uso de modelos mais eficientes (peóns, bicicletas e

transporte público), así como un uso mais racional do transporte privado mellorando as condicións de vida, de saúde e de igualdade dos veciños.

O presente documento estrutúrase conforme aos sectores e as fontes que sinalan as guías técnicas europeas en relación á elaboración do **PACES** e ao **Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía Sostible**.

1.2. Obxectivos e alcance do documento

O Plan de Acción para o Clima e as Enerxías Sostibles (PACES) de Meis convértese, dentro do intervalo temporal establecido, nun instrumento encamiñado a responder ao compromiso de reducirlas emisións de CO₂ equivalentes en, ao menos, un 40% antes do ano 2030, conforme ás esixencias técnicas que sinalan as guías técnicas europeas en relación á elaboración de PACES e ao Pacto das Alcaldías.

Os obxectivos establecidos son os seguintes:

- **Inventario de Emisións de Referencia (IER)** do Concello de Meis, para obter información sobre a natureza das entidades emisoras de CO₂ no territorio municipal, aos efectos de obter unha diagnose enerxética local que cuantifique as emisións de CO₂ equivalentes derivadas dos consumos enerxéticos que se producen no municipio. Identificaranse as principais fontes emisoras de CO₂ e de outros gases de efecto invernadoiro (GEI) resultantes do consumo de enerxía, o que nos permitirá programar as medidas do Plan de Acción encamiñadas a reducir estas emisións.
- **Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades (ERV)**, como punto inicial para a elaboración da parte de adaptación ao cambio climático, analizando os riscos mais salientables por frecuencia ou por intensidade, e avaliando a vulnerabilidade que podería constituír un posible dano ou ameaza no territorio municipal, sendo principalmente os riscos de Calor Extremo, Inundación, Seca e Incendio Forestal.

Para elo estableceuse como documentación de referencia os Informes de Cambio Climático de Galicia 2012-2015, o Plan de Incendios Forestais de Galicia e os ARPHIS das Confederacións Hidrográficas Galicia Costa, Miño-Sil, Cantábrico Oriental e Douro.

- **Plan de Acción para o Clima e as Enerxías Sostibles (PACES)** a través do que se definirán as accións mais axeitadas en aras de acelerar a descarbonización dos nosos territorios, fortalecer a capacidade de adaptarnos aos impactos inevitables do cambio climático e aumentar a eficiencia enerxética, diminuíndo o consumo de enerxía no

municipio. Así nos encamiñaremos a acadar o obxectivo de reducir as emisións de CO₂ equivalentes, ao menos, nun 40% ata o ano 2030. Asegurarase a correcta vixilancia e implantación das medidas, así como a análise da súa efectividade en relación á redución dos consumos enerxéticos e emisións de GEI, para o que se incluírá un plan de seguimento baseado en indicadores.

O alcance xeográfico do documento é o Concello de Meis e céntrase no consumo de enerxía nos edificios, infraestruturas/equipos municipais; alumeadado público; edificios residenciais; industria; edificios, infraestruturas/equipos terciarios (non municipais); frota municipal; transporte público; transporte privado e comercial, e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

1.3. Compromisos

Mediante a aprobación do presente documento, o Concello de Meis adopta os seguintes compromisos a executar durante os próximos anos e ata o ano 2030:

- Cumprilos obxectivos propostos pola Unión Europea, reducindo as emisións de CO₂ e de Gases de Efecto Invernadoiro en, polo menos, un 40% ata o ano 2030, a través da elaboración e aplicación dun Plan de Acción para o Clima e o Cambio Climático denominado PACES.
- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia (IER), como base para o PACES.
- Promover a colaboración da cidadanía para participar no desenvolvemento do Plan de Acción.
- Adaptar as estruturas do Concello, para o desenvolvemento das accións que se consideren necesarias.
- A partir da aprobación do Plan de Acción, elaborar cada 2 anos un Informe de seguimento acerca do cumprimento dos obxectivos.
- Presentar nun prazo non superior a 2 anos dende a aprobación do presente PACES, o Plan de Adaptación ao Cambio Climático.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

2.1. Caracterización do Concello

Meis é un municipio que se sitúa na Comunidade Autónoma de Galicia, e localizado ao oeste da Provincia de Pontevedra, na comarca de O Salnés. Cunha poboación estimada de 4.754 habitantes no ano 2020 (INE, Padrón municipal de habitantes), distribúese entre 7 parroquias que abarcan unha superficie de 52,39 km², cunha distribución agrupada principalmente en dous núcleos urbanos, como son Mosteiro e Vilanoviña, se ben existen numerosos núcleos poboacionais diseminados por todo o territorio municipal.

A densidade de poboación é 90,74 hab/km², con valores similares á media galega, pero moi por baixo da media comarcal e provincial.




Figura 1.- Localización do Concello de Meis

A actividade económica do concello está moi centrada no sector servizos, cun 59,20% segundo datos do IGE para o ano 2019, que constitúen a base económica deste concello e que representan valores medios superiores ás medias da comarca de O Salnés, da provincia de Pontevedra e do territorio galego en xeral, seguido do sector industrial (17,34%), da construción (14,95%) e do sector primario, onde a agricultura representa un 8,50%.

O concello atópase ben comunicado ao discorrer varias estradas polo seu territorio, facilitando a comunicación con Pontevedra e Vilagarcía de Arousa a través da PO-531, con Cambados pola estrada autonómica PO-300, á beira da cal se sitúa O Mosteiro, a capital municipal. Os distintos lugares únense entre eles e coa capital municipal por camiños locais asfaltados.

A Autoestrada AP-9 que atravesa o oeste de Galicia e une as cidades do Eixo Atlántico (Norte de Portugal, Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña...), así como a Autovía do Salnés AG-41 que comunica toda a comarca do Salnés coa AP-9, confiren unha excelente comunicación.

2.2. Actuacións previas postas en marcha

Dende o punto de vista medioambiental, a transición ecolóxica converteuse nun obxectivo transversal de acción por parte do Concello de Meis para tratar de conseguir e aplicar un modelo de concello mais sostible e así facer fronte a grandes retos globais como o cambio climático, a contaminación, etc.

A redución do consumo enerxético nos diversos campos da economía e da vida das persoas ven sendo unha liña de desenvolvemento medioambiental fundamental a escala global durante os últimos anos, co fin último de melloral a calidade de vida das persoas e evitar ao mesmo tempo o esgotamento dos recursos enerxéticos e naturais.

Previo á firma do compromiso de adhesión ao Pacto dos Alcaldes, e como mostra do compromiso que ten adquirido en aras do desenvolvemento de prácticas encamiñadas á mellora da calidade de vida e dunha mellor xestión do medio ambiente, ao longo dos últimos anos traballouse na mellora da xestión enerxética municipal e na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, adoptando numerosas medidas dende o ano considerado como referencia, ano 2014, e ata a actualidade.

Este desenvolvemento ten lugar gracias a unha serie de iniciativas que garanten o cumprimento dos requisitos legais no referido á xestión ambiental, minimizando o impacto dos servizos, previndo a contaminación, establecendo obxectivos e accións de mellora, e sensibilizando e formando permanentemente ás persoas, encamiñadas todas elas a reducilos consumos enerxéticos, minimizando as emisións e impulsando as enerxías renovables.

A continuación relaciónanse de modo esquemático as medidas e campañas mais importantes desenvoltas e encamiñadas a reducilas emisións de gases de efecto invernadoiro, adoitadas en colaboración con organismos públicos e privados nos últimos anos:

1. En materia de xestión de residuos, realizáronse diversas campañas para unha axeitada concienciación social, destacando os beneficios dunha recollida selectiva dos residuos, o que contribuirá a unha redución nos tratamentos e nas emisións de gases de efecto invernadoiro. Potenciouse o subministro de novas unidades para o depósito e posterior recollida dos residuos sólidos urbanos, a través dos contenedores de recollida selectiva (verdes, amarelos e azuis). Ao mesmo tempo, iniciouse a recollida selectiva de aceite doméstico.
2. Xestionouse a recollida selectiva de residuos domésticos voluminosos, como mobles, electrodomésticos, plásticos agrícolas, ..., todo elo apoiado en campañas informativas e publicitarias, folletos, ...
3. **“Mini Puntos Limpos”** para a recollida selectiva de pequenos produtos para a súa posterior reciclaxe, como pilas, teléfonos móbiles, CD’s, cartuchos de impresora, lámpadas de baixo consumo, RAEES, ... , apoiándose na campaña **“Cada cousa no seu sitio”**.
4. Participación con **Humana Fundación Pueblo para Pueblo**, organización que dende 1987 promove a protección do medio ambiente a través da reutilización do téxtil.
5. En Setembro do ano 2019 o Concello de Meis adheriuse ao **Plan Revitaliza** da Deputación de Pontevedra, un modelo de xestión dos biorresiduos municipais, para tratala fracción orgánica do lixo mediante a compostaxe, e no tratamento a quilómetro cero, reducindo así as emisións de CO₂ que se poidan xerar polo transporte a plantas de tratamento e o depósito en vertedoiros.
6. No ano 2011, O Concello de Meis participou na creación do primeiro Centro BTT de Galicia (O Centro BTT O Salnés). Unha clara aposta polas rutas ciclistas e peonís que percorren un total de 117,50 kms e que permiten o enlace entre distintos enclaves turísticos e poboacionais do Concello de Meis.

Paralelamente á execución destas medidas expostas, tiveron lugar unha serie de accións encamiñadas á mellora e eficiencia enerxética das instalacións públicas do Concello de Meis:

Ano	Actividade	Investimento	Situación
2013	Auditoría Enerxética do Alumeado Público de Meis		Executada
2014	Renovación da instalación pública exterior no Concello de Meis	48.403,36 €	Executada
2016	Substitución da luminaria existente por luminaria LED	27.907,15 €	Executada
2017	Humanización da Rúa do Colexio e entorno da Praza de España	48.400,00 €	Executada
2017	Reforma e adecuación da Praza de España de O Mosteiro	297.170,81 €	Executada
2020	Subministro de materiais para o servizo de alumeado público e edificios municipais	17.915,21 €	Executada

Tódalas actividades levadas a cabo dende o ano de referencia do inventario ata a actualidade foron tidas en conta no cómputo global de redución de emisións de CO₂, pois son o punto de inicio dos compromisos asumidos polo Concello de Meis para a mellora continua do comportamento ambiental e mantéñense activas na actualidade coa finalidade de incrementala súa implicación.

3. INVENTARIO DE EMISIONS DE REFERENCIA (IER)

3.1. Metodoloxía

Para a elaboración do Inventario de Emisións de Referencia do PACES, desenvolveuse unha metodoloxía consistente en caracterizar os distintos consumos enerxéticos do Concello de Meis, así como as emisións que se orixinen deses consumos, mediante un tratamento homoxéneo dos datos e tomando como ano de referencia para os cálculos o ano 2014, por ser o ano que mais datos nos aporta para o cálculo das emisións de referencia, e respecto ao cal compararemos a redución de emisións no horizonte 2030.

Para elo, foi preciso consultar fontes de datos estatísticos fiables e consolidados, sendo estas fontes as seguintes:

- <https://www.ine.es/>
- <https://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>
- Rexistros documentais do propio Concello de Meis
- Guía *“Como desenvolver un Plan de Acción para la Energía Sostenible”*, publicada pola Comisión Europea.

Os resultados desta caracterización servirannos de referencia para establecelas propostas de acción.

A continuación apórtase un resumo do IER elaborado para o Concello de Meis.

3.2. Indicadores xerais

Os indicadores xerais das condicións socioeconómicas do municipio, tendo en conta o ano de referencia adoitado e o ano mais próximo á elaboración do presente documento, están recollidos a continuación:

Concello de MEIS			Ano de referencia 2014	Actualidade (ano mais próximo á actualidade) *
Poboación. Nº de habitantes (Padrón Municipal de habitantes)			5.033	4.754
Superficie Municipal km² (IGN)			52,39	52,39
Bens inmoables de natureza urbana (Dirección General del Catastro)			7.968	7.936
Censo de Vivendas (Censo de poboación e vivendas. INE)	Vivendas ocupadas	Principais	1.702	1.822
		Secundarias	272	-
	Vivendas baleiras		168	456
Entidades de Poboación (Padrón. INE) Ano 2011	Parroquias		7	7
	Núcleos de poboación		9	9
	Diseminados		87	87
Parque de vehículos (Ministerio del Interior. Dirección General de Tráfico)	Turismos		2.891	3.019
	Camións e Furgonetas		696	574
	Autobuses		3	4
	Motos		332	353
	Tractores industriais		71	69
	Outros		394	331
Nº de Hospitais (Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad)			0	0
Nº de Centros Educativos (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)	Educación infantil + Primaria		2	2
	Educación Primaria + ESO		1	1
	Educación ESO e postobrigatorias		0	0
Nº de Infraestruturas e Equipamentos Locais (Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Encuesta de Infraestructura y Equipamentos Locales). Anos 2014-2015	Bibliotecas		1	1
	Fogar do Pensionista		0	0
	Casa de Cultura		2	2
	Centros Cívicos / Sociais		3	7
	Museo		0	0
	Teatro / Cine		0	0
	Complexos deportivos		2	2
	Piscinas		1	1
	Pistas Polideportivas		3	3
	Polideportivos Cubertos		1	1
Aloxamentos turísticos (Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral para o Turismo)	Hoteis		3	3
	Pensións		2	4
	Cámpings / Turismo Rural		2	2
	Vivendas de uso turístico		0	20
Outros	Centro de Asistencia Social		0	0
	Garderías infantís		1	1
Servizos comerciais (Directorio de empresa e unidades locais)	Oficinas de entidades de depósito		2	2
	Actividades comerciais minoristas		101	105
	Actividades de restauración/bares		41	31

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

* Consideráronse os datos dispoñibles no IGE, mais próximos á data actual (2020)

Táboa 1.- Indicadores xerais de Meis. Comparativa do ano de Referencia (2014) e a actualidade.

3.3. Sectores considerados

Os sectores de actividade que se tiveron en conta para a análise das emisións no Concello de Meis son aqueles para os que se considerou que a política local pode exercer unha maior influencia na redución dos consumos enerxéticos, e na súa consecuencia, na redución das emisións de CO₂ e outros gases de efecto invernadoiro.

- **Edificios, Equipamentos, Instalacións.**
 - **Edificios, Equipamentos, Instalacións municipais.** Consumos de electricidade, gas natural e gasóleo de calefacción nos edificios e instalacións propiedade do Concello de Meis.
 - **Edificios, Equipamentos, Instalacións terciarios (non municipais).** Consumos de electricidade, gas natural e gasóleo de calefacción nos edificios e instalacións (non municipais) destinados ao sector servizos.
 - **Edificios residenciais.** Consumos de electricidade, gas natural e gasóleo de calefacción nos edificios destinados, principalmente, ao uso residencial.
- **Alumeado público.** Alumeado de propiedade municipal ou xestionado polo Concello incluíndo iluminación das vías públicas, parques públicos e demais espazos de libre circulación, semáforos, etc.
- **Industria.** Consumos nos edificios, equipamentos e instalacións industriais do municipio. Non se consideraron ao non poder reportalos datos para o ano de referencia considerado, e ao ter pouca capacidade o Concello de aplicar medidas de mellora no mesmo.
- **Transporte.**
 - **Frota municipal.** Vehículos en propiedade ou que son xestionados pola autoridade local.
 - **Transporte público.** Vehículos empregados para o transporte de pasaxeiros (autobús, transporte ferroviario urbano, metro, etc.). Polas características do municipio, non se considerou o estudo do transporte público ao non existilos servizos mencionados.
 - **Transporte privado e comercial.** Vehículos de titularidade privada para o desprazamento de persoas e/ou mercadorías con fines privados.
- **Xestión de Residuos.** Emisións non relacionadas coa enerxía, como por exemplo o CH₄ orixinado nos vertedoiros.

- **Xestión de Augas Residuais.** Emisións non relacionadas coa enerxía, como por exemplo o CH₄ e o N₂O resultantes no tratamento de augas residuais.

O consumo de enerxía e as emisións relacionadas coas instalacións de tratamento de residuos sólidos e de augas residuais inclúense na categoría “edificios, equipamento/instalacións”.

Para o conxunto do IER considérase a produción local de electricidade, incluíndo as instalacións fotovoltaicas, de enerxía eólica, de coxeneración ou mellora da xeración de enerxía local existentes.

Debido ás características do municipio, non se contempla o estudo do transporte público ao non existir o mesmo. Ademais, tampouco se realizarán inventarios de emisións nos sectores industriais ao ter pouca capacidade o Concello de aplicar medidas de mellora no mesmo.

3.4. Consumos enerxéticos

Os consumos enerxéticos, en base aos datos dispoñibles do ano 2014, son os reflectidos na seguinte táboa:

		Edificios, Equipamentos, Instalacións			Alumeado Público	Transporte			Subtotal
		Municipais	Terciarios	Residenciais		Frota municipal	Público	Privado e comercial	
Consumo Enerxía Eléctrica		649,49		7.058,50	1.243,91			15,51	8.967,41
Consumo de Combustibles Fósiles	Gas Natural			7.462,29					7.462,29
	Gasóleo C	55		6.875,62					6.930,62
	Gasóleo A					27,39		28.902,82	28.930,21
	Gasolina							5.086,16	5.086,16
	GLP			1.125,10					1.125,10
	Carbón			16,40					16,40
Enerxías Renovables	Biocombustible							1.643,05	1.643,05
	Biomasa			4.699,24					4.699,24
	Xeotermia			23,61					23,61
	Solar Térmica			121,30					121,30
Subtotal		704,49	0,00	27.382,06	1.243,91	27,39	0,00	35.647,54	65.005,39

Táboa 2.- Consumos enerxéticos anuais (MWh) do Concello de Meis por sectores (ano 2014).




Figura 2.- Distribución dos consumos enerxéticos por sectores.




Figura 3.- Distribución dos consumos enerxéticos por fontes.

Analizando as gráficas anteriores, apréciase que para o Concello de Meis os maiores consumos enerxéticos proveñen do transporte privado e comercial, sendo as edificacións residenciais as que xeran o segundo maior consumo, seguidas do alumeado público. Se valoramos o tipo de fonte de enerxía, o consumo de gasóleo A nos vehículos destaca como a fonte mais empregada, seguida do consumo en enerxía eléctrica.

3.5. Emisións de CO₂ equivalentes

Para o ano 2014, as emisións de CO₂ equivalentes do Concello de Meis foron as reflectidas na seguinte táboa:

	Edificios, Equipamentos, Instalacións			Alumeado Público	Transporte			Subtotal
	Municipais	Terciarios	Residenciais		Frota municipal	Público	Privado e comercial	
Consumo Enerxía Eléctrica	219,65	1.058,30	7.792,73	509,63				9.580,31
Consumo de Combustibles Fósiles	Gas Natural	265,43	1.951,68					2.217,11
	Gasóleo C	52,79	206,23	1.516,38				1.775,40
	Gasóleo A					83,77	26.793,48	26.877,25
	Gasolina						3.534,00	3.534,00
	GLP		114,81	844,20				959,01
	Carbón		14,23	104,65				118,88
Subtotal	272,44	1.659,00	12.209,64	509,63	83,77	0,00	30.327,48	45.061,96

Táboa 3.- Emisións de CO₂ equivalentes (Toneladas) do Concello de Meis por sectores (ano 2014).

Dos distintos datos que figuran na táboa, podemos concluír que as toneladas totais de CO₂ equivalentes emitidas no Concello de Meis, no ano 2014, foron estimadas en 45.061,96 sendo a taxa per cápita de 4,98 toneladas de CO₂ equivalentes/habitante.




Figura 4.- Distribución das emisións de CO₂ equivalentes por sectores.




Figura 5.- Distribución das emisións de CO₂ equivalentes por fontes.

Analizando as gráficas anteriores, dedúcese que os sectores que contribúen en maior medida ás emisións de CO₂ equivalentes son o transporte privado e comercial, e as edificacións residenciais. Na distribución de emisións por fontes de enerxía, os consumos de gasóleo A dos vehículos (principalmente transporte privado e comercial) son os que mais emisións xeran, seguido dos consumos eléctricos das edificacións residenciais.

4. DIAGNOSE ENERXÉTICA

4.1. Metodoloxía

Caracterizaremos os consumos enerxéticos do Concello de Meis, xunto ás emisións que proveñan dos consumos para o ano de referencia considerado, neste caso o ano 2014, o que servirá para establecelas propostas de acción a desenvolver.

O inventario de emisións elaborárase seguindo as premisas da guía publicada polo Pacto dos Alcaldes, agora Pacto das Alcaldías, *How to develop a Sustainable Energy Action Plan (SEAP)*, desenvolto pola Oficina do Pacto dos Alcaldes.

A conversión e o cálculo das emisións realizáronse tendo en conta os factores de conversión e emisión estándar baseados nos principios do *Intergovernmental Panel on Climate Change (IPCC)*.

4.2. Principais resultados do IER

4.2.1. Consumos de Enerxía

O consumo de enerxía no Concello de Meis durante o ano 2014, ano de referencia, estimouse en 65.005,39 MWh, o que corresponde a unha taxa de 12,92 MWh/habitante.

A análise do consumo de enerxía polos distintos sectores de actividade considerados, reflexa que os sectores que demandan un maior consumo de enerxía son o transporte privado e comercial (un 54,84%) e as edificacións residenciais (un 42,12%). Na distribución por fontes de enerxía, os consumos de gasóleo A dos vehículos (un 44,50%) son os mais demandados, seguido dos consumos eléctricos (un 13,79%), o gas natural (11,48%) e o gasóleo de calefacción (10,66%).

4.2.2. Emisións atmosféricas

No ano 2014, as toneladas totais de CO₂ equivalentes emitidas á atmosfera no Concello de Meis estímense en 16.621,37 TnCO₂e, o que representa unha taxa per cápita de 3,30 toneladas de CO₂ equivalentes/habitante.

Os datos analizados reflexan que os sectores que contribúen en maior medida ás emisións de CO₂ equivalentes foron o transporte privado e comercial (un 54,09%) e as edificacións residenciais (un 40,37%). Na distribución de emisións por fontes de enerxía, os consumos de gasóleo A dos vehículos (principalmente transporte privado e comercial) son os que mais

emisións xeran (un 46,87%), seguido dos consumos eléctricos das edificacións residenciais (un 23,74%).

En consecuencia, para poder cumprir o obxectivo de reducir en, polo menos, un 40% as emisións de CO₂ equivalentes a nivel local (Concello de Meis), respecto ao ano de referencia, vaíse a requirila adopción e establecemento de medidas que conleven a redución de, polo menos 6.648,55 toneladas de CO₂ equivalentes.

4.3. Análise Externo e Interno

Co obxectivo de coñecer o verdadeiro potencial do Concello de Meis para reducilas emisións de CO₂ así como as circunstancias que o caracterizan e que poden permitir que unhas medidas de mellora teñan mais éxito que outras, decídese realizar unha análise de factores tanto externos como internos agrupado nas seguintes categorías: Debilidades e Fortalezas para coñecerlas características internas, e Ameazas e Oportunidades para as características externas.

Debilidades	Ameazas
<p>D1. Póucos recursos económicos para promover as medidas dos PACES.</p> <p>D2. Baixa capacidade de intervención municipal nos sectores enerxéticos residencial e terciario.</p> <p>D3. Dispersión dos núcleos residenciais e alta dependencia da mobilidade en transporte privado.</p> <p>D4. Bolsas de aparcamento insuficientes ou non acondicionadas.</p>	<p>A1. Falta de concienciación na poboación sobre políticas de aforro enerxético.</p> <p>A2. Incremento dos consumos enerxéticos en sectores enerxéticos como o sector terciario e residencial.</p>
Fortalezas	Oportunidades
<p>F1. Disposición dun alto marxe de mellora nas instalacións municipais.</p> <p>F2. Progresiva implantación de medidas en materia de aforro e eficiencia enerxética en instalacións e edificacións municipais.</p> <p>F3. Reducidas dimensións do núcleo urbano, que posibilita ou favorece unha mobilidade peonil ou ciclista.</p>	<p>O1. Posibilidade de acollerse a subvencións e axudas por parte dos distintos organismos públicos.</p> <p>O2. Aumento e competitividade das empresas comercializadoras de electricidade.</p> <p>O3. Progresivo incremento da valorización dos residuos.</p> <p>O4. Existen liñas regulares de transporte público que pasan por Meis, e enlazan cos núcleos de Vilagarcía, Cambados e Pontevedra, a veces infrautilizadas e que se poden potenciar.</p>

Táboa 4.- Análise DAFO do Concello de Meis.

4.4. Escenarios previstos para os sectores PACES

Tendo en conta os sectores PACES considerados, os escenarios previstos van a ser os detallados a continuación:

- **Edificios, Equipamentos / Instalacións municipais.**

Os datos correspondentes aos consumos de electricidade e gasóleo de calefacción foron proporcionados polo Concello de Meis.

Dende o ano 2014 e ata a actualidade obsérvase unha lixeira tendencia en aumento das emisións, o que coincide coa posta en valor de centros e locais que se atopaban en desuso e unha climatización de locais existentes, prestando así un mellor servizo á cidadanía.

- **Edificios, Equipamentos / Instalacións terciarias.**

A nivel provincial e rexional podemos dicir que as emisións incrementáronse nos últimos anos debido en gran parte a un maior consumo enerxético nas fontes emisoras. Incrementáronse as demandas de servizos de forma progresiva, mentres que a implantación de medidas que conlevan a un aforro e eficiencia enerxética non cursaron o mesmo progreso, polo que podemos esperar un incremento das emisións de cara ao futuro, polo menos no relativo ao sector servizos privado. Propóranse algunhas medidas que poidan colaborar na redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

- **Edificios, Equipamentos / Instalacións residenciais.**

Os datos correspondentes aos consumos de electricidade, gas natural, gasóleo de calefacción, carbón e enerxías renovables, foron proporcionados pola Oficina Técnica do Pacto.

- **Alumeado público.**

Os datos correspondentes aos consumos de electricidade foron proporcionados polo Concello de Meis e as compañías comercializadoras.

Tendo en conta a progresiva aplicación de medidas por parte do Concello de Meis para unha maior eficiencia enerxética en relación ao alumeado público en diversos núcleos, o escenario previsto é moi favorable ao preverse a redución progresiva das emisións.

- **Transporte.**

Os datos correspondentes aos consumos de gasóleo e gasolina foron proporcionados polo Concello de Meis, no relativo á frota municipal, e estimados a partir de datos estatísticos, no relativo ao parque automobilístico privado.

A tendencia das emisións polo sector transporte non resulta favorable. Apréciase nos últimos anos un incremento progresivo da frota de vehículos a favor dos diésel, debido en parte, á alta dependencia á mobilidade con vehículo privado por parte dos habitantes do Concello para os seus desprazamentos diarios ao carecer de servizo de transporte público.

- **Xestión de residuos.**

Emisións calculadas tendo en conta o consumo de combustibles na recollida e transporte de RSU, e as cantidades de residuos por fluxo e tipo de tratamento.

Os Plans de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, vixentes, contemplan a redución na produción de residuos, así como unha maior valorización dos mesmos, o que conlevaría directamente a menores emisións. Pero este simple feito pode implicar indirectamente un incremento nas emisións como consecuencia desas valorizacións enerxéticas.

5. PLAN DE ACCIÓN DE MITIGACIÓN

5.1. Consideracións previas

No presente PACES recolleranse as medidas a curto, medio e longo prazo que será preciso adoitara na loita contra o cambio climático, tratando de acadalos compromisos adquiridos ao asinala adhesión ao Pacto dos Alcaldes.

A partir do establecemento do obxectivo de redución de emisións, definiuse un detallado plan de acción para o período 2014-2030, que recolle as accións postas en marcha dende o municipio no período 2014-2021 ou xa programadas, e que supoñen xa unha redución de emisións de GEI. Ao mesmo tempo, propóñense novas accións de mitigación a executar no período 2021-2030.

Estas medidas parten das necesidades e requirimentos dos responsables municipais, da cidadanía e dos datos reflexados no IER.

5.2. Obxectivos

O principal obxectivo do PACES é desenvolver unha serie de accións de mellora para cada un dos sectores de actuación e que contribúan a reducilas emisións de CO₂, e así cumprir cos obxectivos de redución das emisións tal e como se compromete o Concello de Meis a través da súa adhesión.

Estas accións de mellora son froito dun estudo no cal se analizan as condicións externas e internas do municipio, a situación do sector enerxético e o estado das distintas tecnoloxías que poden ser aplicadas.

Como consecuencia das accións de estudo, establecéronse unha serie de obxectivos estratéxicos no municipio en materia de enerxía:

